

A VII Semana das Ciencias pon en valor aos creadores de Ponteareas

O alumando coñecerá o misterio dos reloxos no Museo do Reloxo, aprenderá a editar son, escoitará a Castelao, Elena Francis ou ao Mestre Reveriano Soutullo no Museo da Radio e visitará ás empresas locais de deseño gráfico e impresión

Co obxectivo de dar a coñecer o talento das empresas locais e poñer en valor o seu traballo diario a VII Semana das Ciencias levará ao alumnado dos institutos de Ponteareas a distintas empresas de deseño e impresión da vila.

Unha das novidades desta edición é o Circuito de Comunicación no que participa o alumnado de Primaria, ESO, F.P e Bacharelato. Unha proposta que ofrecerá un percorrido con actividades varias como a visita ao Museo do Reloxo no que José Higinio Garra descubrirá os segredos dos reloxos, a súa mecánica e evolución a través do tempo. Dende os reloxos de sol, aos de auga ou os mecánicos ata os reloxos dixitais dos nosos días. A continuación participarán no taller de edición de Son impartido por profesionais de Si Radio que se celebrará na sala multiúsos do auditorio municipal para continuar visitando a exposición da historia da radio e o Museo da Radio onde poderemos escoitar as voces do mestre Reveriano Soutullo, fragmentos do discurso sobre o Estatuto de Autonomía de Castelao ou a de Elena Francis no seu exitoso Consultorio radiofónico. Dentro deste circuito tamén visitarán as empresas locais de deseño e impresión. Aceroplus, Omega, Imprenta Montero e Gráficas Rome recibirán ao alumnado para falarlles da súa profesión, da súa formación e de como foron os seus comezos.

Ademais, no salón de plenos disputarán unha partida do xogo "7 Torres" do físico e profesor Xabier Prado que compartirá co alumnado estratexia e habilidades.

A alcaldesa Cristina Fdez. Davila explica que "é moi importante que o alumnado coñeza de primeira man os distintos traballos, tomando contacto directo co día a día destes profesionais. Polas súas mans pasan materiais e traballos cos que convivimos a diario sen decatarnos, por iso é fundamental salientar a súa achega e saber que na nosa vila temos grandes profesionais capacitados para afrontar todos os retos".

A VII edición da Semana das Ciencias completa o seu programa con distintas propostas como o ciclo de conferencias que de luns 17 a xoves 20 se celebran na sala multiúsos do auditorio municipal ás 19:30 horas.

Esta edición afondará na relación entre a Ciencia e a Comunicación, ao cumprirse neste ano 2023 noventa anos da chegada da radio a Galicia. "En Ponteareas conectaremos ao noso alumnado e a nosa cidadanía con expertas e expertos en comunicación, con recoñecidos e recoñecidas profesionais que viviron a revolución

tecnolóxica dos medios, coas novas xeracións que utilizando novas canles de comunicación conciencian, sensibilizan, potencian proxectos, lanzan empresas e poñen o selo das galegas e dos galegos nas plataformas dixitais”, explica Cristina Fdez Davila.

Aprender da man de xornalistas, comunicadoras/es, locutoras/es, community manager, editores/as ou deseñadoras e deseñadores gráficos é tamén un dos obxectivos desta nova edición da Semana das Ciencias de Ponteareas.

A programación arrinca coa presentación do proxecto YouTubeiras.gal o luns 17 ás 10 horas na que participará o alumnado para seguir co seminario para profesorado e dar a benvinda xa ás 19:30 horas ao ciclo de conferencias. A profesora da Universidade de Vigo, Mónica Valderrama, o creador e profesor da Escola de Restauración, Mingos Teixeira; o xornalista de máis longa traxectoria nos medios, Fernando Franco; a comunicadora e escritora María Xosé Porteiro; locutores deportivos e condutores de programas radiofónicos de máxima audiencia e as responsables de webseries da produtora Illa Bufarda e creadores e creadoras de contidos para podcasts e canles de YouTube forman parte da programación.

Participar ten premio

O alumnado dos centros educativos de Ponteareas que asistan ás catro conferencias participarán no sorteo dun patinete eléctrico valorado en 300€

Todas as conferencias serán ás 19:30 horas na sala multiúsos do auditorio municipal e as persoas que desexen asistir deberán reservar butaca no mail educacion@ponteareas.gal ou no número de teléfono 986 64 00 00 departamento de Ensino.

Como cada ano a Feira das Ciencias pechará o programa de actividades na praza Bugallal. Ducias de postos exhibirán os coñecementos e experimentos científicos froito da aprendizaxe e traballo de alumnado e profesorado.

Ademais, a cidadanía poderá visitar a exposición da Historia da Radio na entrada do auditorio municipal en horario de mañá e tarde.

Espertar a curiosidade, decatarse da importancia de investir en innovación e investigación para mellorar o noso día a día e descubrir que a ciencia está detrás de cada unha desas melloras son algúns dos obxectivos da Semana das Ciencias de Ponteareas que este ano volve ás rúas e aos centros educativos do 17 ao 21 de abril.

“Amosar ao alumnado, profesorado e familias as ferramentas e contidos didácticos, útiles e positivos para o noso día a día é o obxectivo desta primeira xornada da Semana das Ciencias que nos achegará a canles de YouTube e redes sociais”, sinala Cristina Fdez. Davila.

